

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Canto tempo é necesario conservar o resto da información da historia clínica, que non sexa necesario conservar indefinidamente, como mínimo desde a última asistencia prestada ao paciente ou desde o seu falecemento, segundo o artigo 20 da Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.

- A) 3 anos.
- B) 5 anos.
- C) 10 anos.
- D) 20 anos.

2. Na Constitución española de 1978, o título I establece os dereitos e deberes fundamentais. A primeira sección do capítulo II establece os dereitos fundamentais e as liberdades públicas. Indica cal dos seguintes enunciados non é un dereito indicado nesta sección.

- A) Dereito á vida e á integridade física e moral.
- B) Dereito á protección da saúde.
- C) Dereito á educación.
- D) Dereito á liberdade e á seguridade.

3. A Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde establece que as retribucións destinadas a retribuír a función desempeñada, a categoría e a dedicación son unha retribución:

- A) Básica.
- B) Complementaria.
- C) Atención continuada.
- D) Persoal.

4. Na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o artigo 41 estrutura o sistema retributivo en:

- A) Retribucións básicas, extraordinarias e complementarias.
- B) Retribucións básicas, persoais e complementarias.
- C) Retribucións básicas e complementarias.
- D) Retribucións básicas, complementarias e de atención continuada

5. Indica cal das seguintes afirmacións é correcta. Segundo o artigo 40 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, a provisión de postos de xefatura de servizo ou unidade en atención primaria, nos que as funcións de xefatura non requiran dedicación exclusiva, efectuarase:

- A) Por un sistema de avaliación colexiada.
- B) Por un sistema de concurso de méritos.
- C) Por un sistema de libre designación.
- D) Por unha comisión técnica especializada.

6. A Lei 31/1995, do 8 de novembro de prevención de riscos laborais, no seu artigo 38 establece que o Comité de Seguridade e Saúde é o órgano paritario e colexiado destinado á consulta regular e periódica das actuacións da empresa en materia de prevención de riscos laborais, que se constituirá en empresas ou centros de traballo que contén:

- A) Con 100 ou máis traballadores.
- B) Con 75 ou máis traballadores.
- C) Con 50 ou máis traballadores.
- D) Con 25 ou máis traballadores.

7. Indica cal é a resposta correcta. A Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, define, no artigo 56, as estruturas fundamentais do sistema sanitario, responsabilizadas da xestión unitaria dos centros e establecementos do Servizo de Saúde da Comunidade Autónoma na súa demarcación territorial e das prestacións sanitarias e programas sanitarios a desenvolver por eles. Estas estruturas fundamentais son:

- A) Complexos hospitalarios.
- B) Unidades básicas de Saúde.
- C) Distritos sanitarios.
- D) Áreas Sanitarias.

8. Indica cal é a resposta correcta. A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, no artigo 31 establece que a dirección do sistema público de saúde de Galicia correspóndelle:

- A) Á Xerencia do Sergas.
- B) Á Consellería competente en materia de Sanidade.
- C) Ao Parlamento.
- D) Á Dirección Xeral de Saúde Pública.

9. Indica cal é a resposta correcta. Na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril do Estatuto de Autonomía para Galicia, o artigo 13 establece que as iniciativas legislativas correspóndenlle:

- A) Ao Parlamento.
- B) Ao Presidente da Xunta.
- C) Á Xunta e ao seu Presidente.
- D) Aos Deputados, ao Parlamento e a Xunta.

10. Indica cal das seguintes afirmacións é correcta. O artigo 64 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, establece que o reingreso ao servizo activo do persoal que non teña reserva de praza efectuarase mediante a:

- A) Participación nun concurso de traslados.
- B) Participación na fase de concurso nos procesos de selección por concurso-oposición.
- C) Participación nos procesos de selección por concurso-oposición.
- D) Participación nun proceso específico por concurso de méritos.

1. Indica cal é a resposta correcta. Na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril do Estatuto de Autonomía para Galicia, no artigo 10 establece que a función de aprobar os orzamentos correspóndelle:

- A) Á Xunta.
- B) Ao Presidente da Xunta.
- C) Ao Parlamento.
- D) Á Consellería de Facenda.

2. Indica cal é a resposta correcta. A Lei 11/2007, do 27 de xullo galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, define no artigo 1 que se entende por violencia de xénero a efectos desta Lei, como calquera acto violento ou agresión, baseados nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres, que teña ou poida ter como consecuencia un dano:

- A) Físico ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, se estas ocorren no ámbito público.
- B) Sexual ou psicolóxico, se estes actos implican a coacción ou privación da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.
- C) Físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público coma na vida familiar ou privada.
- D) Físico, sexual ou psicolóxico, se ocorre no ámbito da vida familiar ou privada.

